

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 4 DE SETEMBRO 2013.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,07 horas do día 4 de setembro de 2013, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D<sup>a</sup>. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D<sup>a</sup> MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D<sup>a</sup> MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

D<sup>a</sup> MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

Non asiste: D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

SECRETARIO: D. JOSE ANTONIO BOUZAS NEO, Secretario accidental do Concello.

Asiste a Interventora do Concello D<sup>a</sup>. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

---

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 19.06.2013.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 14.06.2013 AO 30.08.2013.

3º) ESCRITO DE DIMISIÓN DO CONCELLEIRO DO PARTIDO POPULAR MUNICIPAL DE BRION DON CARLOS TOMÉ FONDO

4º) CONTA XERAL 2012.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 3/2013.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

7º) DACIÓN DE CONTA INFORME DE AVALIACIÓN DE ESTABILIDADE E DA REGRA DO GASTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE 2013.

8º) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 16.07.2013 SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS DE AMES E LOUSAME.

9º) FESTIVOS LOCAIS 2014.

10º) MOCIÓNS.

11º) ROGOS E PREGUNTAS

---

### **1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 19.06.2013.**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 19 de xuño de 2013.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

### **2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 14.06.2013 AO 30.08.2013.**

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben, dos que se deu copia aos membros da Corporación. Faise mención de que na lista remitida se engadiu un decreto de data 26.08.2013 de subsanación de deficiencias na solicitude de subvención para a promoción da igualdade, que por erro non figuraba na relación:

14.06.13.- Modificación no padrón do lixo 2013.

14.06.13.- Ampliación dunha axuda de emerxencia municipal a través de 5 vales de 30 € cada un, da Campaña Brión Solidario.

14.06.13.- Corrección na lista de agarda da Escola Infantil Municipal.

14.06.13.- Aprobación lista de beneficiarios para a distribución de alimentos.

17.06.13.- Incoar expediente de orde de execución contra NCG Grupo Inmobiliario S.L. en relación coa situación que presenta a edificación sita no lugar de Sabaxáns.

17.06.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 36,30 euros (Cableuropa SL).

17.06.13.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 09/2013.

17.06.13.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 10/2013.

17.06.13.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 11/2013.

18.06.13.- Requirimento para a retirada de tres camiós abandonados en Sabaxáns.

18.06.13.- Inicio expediente de baixa de oficio por inscrición indebida no Padrón de Habitantes do Concello de Brión.

18.06.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 27.062,72 euros ( Mancomunidade Concellos Serra do Barbanza).

18.06.13.- Pago dos xuros de demora polo reintegro da subvención do ano 2010 pola Consellería de Traballo para "Programa AFD 2010" , por importe de 2.257,41 euros.

18.06.13.- Pago dos xuros de demora polo reintegro da subvención do ano 2011 pola Consellería de Traballo para "Programa AFD 2011" , por importe de 92,52 euros.

18.06.13.- Incoación expediente limpeza de finca.

18.06.13.- Incoación expediente limpeza de finca en Reboredo Pequeño.

18.06.13.- Incoación expediente limpeza de finca en Brans de Abaixo.

18.06.13.- Incoación expediente limpeza de finca en Liñares.

18.06.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 14.518,30 euros ( Unión Fenosa Comercial).

18.06.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 13.200,63 euros ( Gas Natural SUR).

18.06.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 29.055,47 euros (facturas varias).

18.06.13.- Acompañamento do grupo e apoio á organización da Excursión da 3º Idade a Vigo.

19.06.13.- Autorización e disposición do gasto e expedir a orde de pago sen a debida xustificación da obriga pola cantidade de 60,00 €, para o pago de gastos de posibles imprevistos na viaxe cultural a Vigo.

19.06.13.- Resolución inicio procedemento sancionador de tráfico.

20.06.13.- Pago do complemento de destino e específico durante a realización das prácticas de dous policía locais en 2007 e 2008 en cumprimento de sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo.

20.06.13.- Contratación do servizo de "Mantemento no campo de fútbol de herba artificial", mediante o procedemento de contrato menor, á empresa XARDÍN SENRA por un importe de 2.358,47 €

25.06.13.- Inadmisión a trámite dunha solicitude presentada pola maleza que está a causar problemas en dúas zonas da comunidade posto que é un tema privado de relacións de veciñanza regulado polo dereito civil.

25.06.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 4.575,60 euros (Turismo ANIMACAO,L.DA).

25.06.13.- Aprobación conta xustificativa gastos derivados de posibles imprevistos na viaxe cultural a Vigo.

26.06.13.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 8,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola actividade de sendeirismo.

26.06.13.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 8,00 euros, pagados pola viaxe da terceira idade a Vigo.

26.06.13.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 8,00 euros, pagados pola viaxe da terceira idade a Vigo.

27.06.13.- Pago da extra de xuño.

27.06.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.483,12 euros (Xunta de Galicia).

27.06.13.- Declaración como residuo sólido urbano o vehículo Citroen Dyane abandonado en Paseo de Pedrouzos.

27.06.13.- Declaración como residuo sólido urbano o vehículo Fiat Punto abandonado na Urbanización Balneario do Tremo.

27.06.13.- Prórroga por outro ano máis do servizo de Limpeza na Casa do Concello e Centro de Saúde á empresa Limpiezas Salgado SL.

27.06.13.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 25,00 euros, pagados pola viaxe da terceira idade a Vigo.

27.06.13.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 25,00 euros, pagados pola viaxe da terceira idade a Vigo.

27.06.13.- Devolución de fianza depositada polo importe de 100 € para responder da obra de “Apertura dunha gabia en Pérros “

27.06.13.- Autorizar a utilización de vales polo importe de 300 € da Campaña de Alimentos Brión Solidario.

28.06.13.- Pago de nóminas.

28.06.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.365,46 euros (Telefónica España e Cableuropa SL).

28.06.13.- Recoñecemento de trienios a dous laborais.

28.06.13.- Pago de produtividade.

28.06.13.- Ingreso de 300,00 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

28.06.13.- Abono da diferenza entre os complementos específicos de un mes dos dous postos de traballo (intervención e técnico de administración) a un funcionario durante o período de substitución no mes de xuño.

28.06.13.- Aprobación conta xustificativa gastos desprazamento pola viaxe a Castell-Platja D’Aro.

01.07.13.- Convocatoria da XGL a celebrar o 2 de xullo.

01.07.13.- Aprobación da lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo do Grupo de Emerxencias Supramunicipal.

01.07.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 417,91 euros (Telefónica Móviles).

02.07.13.- Alta no padrón de habitantes do mes de xuño.

02.07.13.- Baixa no padrón de habitantes do mes de xuño.

02.07.13.- Altas e baixas no Programa de Axudas ao Transporte presentadas no mes de xuño.

02.07.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 100 euros (CP Agro Novo).

03.07.13.- Aprobar o anexo da lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo do Grupo de Emerxencias Supramunicipal.

03.07.13.- Solicitud de axudas do programa de fomento da conciliación nas entidades locais, na modalidade “Outras medidas de Conciliación”, concretamente para o “Programa Municipal de Conciliación.

03.07.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 27.535,23 euros (facturas varias).

03.07.13.- Resolución inicio procedimentos sancionadores de tráfico.

04.07.13.- Cambio de titulares do padrón de recollida do lixo do ano 2013.

04.07.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de xuño de 2013.

04.07.13.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de xuño 2013.

04.07.13.- Adscrición de persoal as obras do POS 2013.

05.07.13.- Autorización para celebrar o día 15 e 16 de xullo de 2013 os festexos de Nosa Señora do Carme no lugar de A Igrexa-Bastavales.

- 05.07.13.- Aprobación inicial do padrón do lixo para o ano 2013.
- 05.07.13.- Incorporación ao servizo de xantar na casa dun veciño deste Concello.
- 05.07.13.- Concesión da axuda de emerxencia social ao veciño deste concello, en concepto de "gastos de vivenda".
- 05.07.13.- Aprobación da liquidación da XGL celebrada o 2 de xullo.
- 05.07.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 97,12 euros (CP Agro Novo).
- 05.07.13.- Requirimento de limpeza de fincas a unha veciña de Cantelar.
- 05.07.13.- Confirmación prazas campamento infantil.
- 08.07.13.- Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo do Grupo de Emerxencias Supramunicipal.
- 08.07.13.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de xullo de 2013.
- 08.07.13.- Baixa no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes a veciña deste Concello.
- 08.07.13.- Incorporación ao servizo de axuda no fogar para persoas dependentes a un veciño deste Concello.
- 08.07.13.- Baixa no servizo de xantar na casa a unha veciña deste Concello.
- 08.07.13.- Convocatoria XGL a celebrar o 9 de xullo.
- 09.07.13.- Aprobar a conta xustificativa de saúde e calidade de vida e programas e proxectos de participación no medio social, subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña.
- 09.07.13.- Requirimento para que se proceda a retirar un vehículo abandonado na Av/ de Santa Minia.
- 09.07.13.- Aprobar a conta xustificativa de conciliación e responsabilidades compartidas, subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña.
- 09.07.13.- Aprobar a conta xustificativa de mantemento do centro social polivalente, subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña.
- 09.07.13.- Aprobar a conta xustificativa de limpeza de aldeas en Brión 2012, subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña.
- 10.07.13.- Convocar sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas do Concello para o día 30 de xullo de 2013.
- 11.07.13.- Aprobar a conta xustificativa de obras de reparación da cuberta da biblioteca municipal, subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña.
- 11.07.13.- Aprobar a conta xustificativa de programación Brión cultural, subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña.
- 11.07.13.- Aprobar a conta xustificativa de escolas deportivas, subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña.
- 11.07.13.- Arquivo da solicitude de aprazamento/fraccionamento das multas coercitivas impostas polas obras realizadas nas inmediacións da aldea da Gándara.
- 11.07.13.- Adxudicación á empresa Visual Project Management SL, a execución do contrato de obras de: mellora e adaptación do acceso de entrada á sala de exposicións polo prezo de 4.651,06 euros.
- 11.07.13.- Adxudicación á empresa Redesyl SL, a execución do contrato de obras de: reparación da envolvente exterior da gardería municipal do Concello de Brión, polo prezo de 18.313,35 €
- 11.07.13.- Modificación da cota da escola infantil municipal a unha veciña.
- 11.07.13.- Modificación da cota da escola infantil municipal a unha veciña.

11.07.13.- Modificación da cota da escola infantil municipal a unha veciña.

11.07.13.- Aprobación expediente modificación créditos. MC 12/2013.

12.07.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 11.490,91 euros (facturas varias).

15.07.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 12,35 euros (gastos locomoción a un traballador).

15.07.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 244,91 euros (gastos locomoción a un traballador).

15.07.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 62,29 euros (gastos locomoción a un traballador).

15.07.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 5.70 euros (gastos locomoción a un traballador).

15.07.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 449,90 euros (facturas varias).

15.07.13.- Adxudicación do servizo de "Limpeza no Centro Social Polivalente", á empresa Limpezas Salgado SL, por un importe de 2.410,32 €, iva incluído.

16.07.13.- Aprobación de convenio de colaboración polos Alcaldes de Ames, Lousame e Brión, polo que se encomenda a este Concello a xestión do expediente Renovación de Instalación de iluminación exterior 2013. Agrupación de Concellos Lousame, Ames e Brión.

16.07.13.- Aprobación da liquidación da Xunta de Goberno Local celebrada o 9 de xullo.

16.07.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 676,36 euros (General y Seguros).

16.07.13.- Reintegro de 28,21 € a un traballador polo pagamento anticipado derivado de duplicado de chaves.

17.07.13.- Declarar elevado a definitivo o acordo de aprobación da modificación de créditos MC 08/2013.

17.07.13.- Compensación da cantidade de 5.706,58 euros en concepto de liquidacións do IAE 2009 e 2010, liquidacións de tres sancións en relación ás liquidacións do IAE 2009 e 2010, e liquidacións do IIVTNU dos anos 2012 e 2013 á empresa Urban Portfolio Inmobiliario S.L.

17.07.13.- Desestimación das alegacións interpostas por un veciño contra a alta no padrón da taxa de recollida de lixo do ano 2013 da vivenda sita en Gundín.

17.07.13.- Resolución inicio procedementos sancionadores de tráfico.

17.07.13.- Devolución do ingreso duplicado a un veciño por importe de 127,80 € en concepto de prezo público polos servizos de escola municipal de música.

17.07.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 3.420 euros (asistencia a concellerios 2º trimestre).

18.07.13.- Requirimento de limpeza da fincas a unha veciña de Pérros.

18.07.13.- Requirimento de limpeza da fincas a un veciño de Coruxido.

18.07.13.- Requirimento de limpeza da fincas a un veciño de Rial.

18.07.13.- Requirimento de limpeza da fincas a un veciño de Hortensia.

18.07.13.- Requirimento de limpeza da fincas a un veciño de Lamiño.

18.07.13.- Requirimento de limpeza da fincas a un veciño de Rial.

18.07.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 3.003,80 euros (Cableuropa e Wuth).

18.07.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 27.062,72 euros (cota maio Mancomunidade Serra do Barbanza).

- 19.07.13.- Aprobación da conta xustificativa da subvención Escolas de música, subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña.
- 23.07.13.- Devolución ingreso excesivo a unha veciña polo importe de 80 € pagados en concepto de prezo público (pilates).
- 24.07.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 17.321,12 euros (facturas varias).
- 24.07.13.- Requirimento ao titular dun vehículo abandonado para que o retire da Av/ Paseo de Pedrouzos.
- 24.07.13.- Aprobación expediente modificación créditos MC 13/2013.
- 24.07.13.- Aprobación expediente modificación créditos MC 14/2013.
- 24.07.13.- Aprobación expediente modificación créditos MC 15/2013..
- 24.07.13.- Aprobación expediente modificación créditos MC 16/2013.
- 24.07.13.- Aprobación expediente modificación créditos MC 17/2013.
- 24.07.13.- Aprobación expediente modificación créditos MC 18/2013.
- 26.07.13.- Aprobación expediente modificación créditos MC 19/2013.
- 26.07.13.- Remisión de copia do expediente administrativo ao Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 da Coruña polo recurso contencioso-administrativo interposto por Urban Servicios Inmobiliarios S.L. contra resolución deste Concello de data 5 de novembro de 2012.
- 26.07.13.- Personamento do Concello no Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña, polo recurso anterior e encomendando tal defensa e representación ao Letrado D. Carlos Abal Lourido.
- 26.07.13.- Requirimento de limpeza da fincas a un veciño de Soutullos.
- 26.07.13.- Requirimento de limpeza da fincas a un veciño de Av/ de Santa Minia.
- 26.07.13.- Contratar o subministro dunha “Fotocopiadora multifuncións laser Konica Minolta C362 para a casa da cultura”, á empresa IT GLOBAL, por un importe de 1.754,50 €
- 29.07.13.- Aprobar o expediente de contratación e prego de condicións obra de: Mellora da eficiencia enerxética e iluminación pública.
- 29.07.13.- Autorización para celebrar o día 5 e 6 de agosto de 2013 os festexos de San Salvador no lugar de San Salvador-Bastavales.
- 29.07.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 65.408,33 euros (facturas varias).
- 29.07.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.332,67 euros (Telefónica España).
- 30.07.13.- Contratación do servizo de “Campamento infantil verán 2013”, do 2 ao 14 de agosto á empresa Aquafit Gestión SL, polo importe máximo de 6.804,06 €
- 30.07.13.- Contratación do servizo de “Transporte do campamento de verán 2013”, que se levará a cabo do 2 ao 14 de agosto, á empresa Autocares Modesto Riveiro S.L., polo importe máximo de 660 €
- 30.07.13.- Pago de nóminas.
- 30.07.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 145,20 euros (Centyc Europa SL).
- 30.07.13.- Desistimento de solicitude dun veciño para a construción dun galpón por non ter cumprimentado satisfactoriamente o requirimento municipal de subsanación de deficiencias.
- 30.07.13.- Desistimento de solicitude dun veciño para a instalación dunha antena meteorolóxica por non ter cumprimentado satisfactoriamente o requirimento municipal de subsanación de deficiencias.

30.07.13.- Desistimento de solicitude dun veciño para recheo de parcela por non ter cumprimentado satisfactoriamente o requirimento municipal de subsanación de deficiencias.

30.07.13.- Desistimento de solicitude dun veciño para licenza de actividade por non ter cumprimentado satisfactoriamente o requirimento municipal de subsanación de deficiencias.

30.07.13.- Desistimento de solicitude dun veciño para ampliar unha vivenda unifamiliar por non ter cumprimentado satisfactoriamente o requirimento municipal de subsanación de deficiencias.

30.07.13.- Desistimento de solicitude dun veciño para construír catro vivendas unifamiliares por non ter cumprimentado satisfactoriamente o requirimento municipal de subsanación de deficiencias.

30.07.13.- Ingreso de 300,00 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

31.07.13.- Contratación do servizo de “Catering para a festa dos maiores do Concello de Brión 2013”, a Jaime Tojo Espiñeira, polo importe máximo de 15.048 €

31.07.13.- Compensación da cantidade de 339,72 euros en concepto de liquidación do IAE 2010, á entidade mercantil Urban Portfolio Inmobiliario S.L.

31.07.13.- Aprobación expediente modificación créditos MC 20/2013.

01.08.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 100 euros (CP Agro Novo).

01.08.13.- Ampliación da axuda de emerxencia municipal a uns veciños a través de 5 vales de 30 € cada un, da Campaña Brión Solidario.

01.08.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 415,72 euros (Telefónica Móviles).

02.08.13.- Aprobación definitiva do Padrón do Lixo correspondente ao ano 2013.

02.08.13.- Aprobación inicial do padrón fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 2º trimestre de 2013.

02.08.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 97,12 euros (CP Agro Novo).

05.08.13.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización do complexo da piscina cuberta municipal de Brión.

05.08.13.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación do Regulamento de réxime interno da piscina cuberta municipal de Brión.

05.08.13.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais.

05.08.13.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Brión e os seus prezos públicos.

05.08.13.- Altas no padrón de habitantes do mes de xullo.

05.08.13.- Baixas no padrón de habitantes do mes de xullo.

05.08.13.- Aprobación expediente modificación crédito MC 21/2013.

06.08.13.- Requisito a unha veciña para acondicionar o lugar onde se atopan os animais de xeito que non se causen molestias ao vecindario por mor dos malos olores.

06.08.13.- Aprobar a liquidación da taxa pola prestación do servizo de comedor en días soltos da escola infantil municipal correspondente ao mes de xullo de 2013.

06.08.13.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de xullo de 2013.

06.08.13.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de xullo 2013.



06.08.13.- Designación como secretario da mesa da contratación do proxecto: Mellora da eficiencia enerxética e iluminación pública a un funcionario do Concello.

06.08.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 30.002,03 euros (facturas varias).

06.08.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 952,21 euros (General España).

06.08.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 27.062,72 euros (cota xuño Mancomunidade Serra do Barbanza).

06.08.13.- Aprobación da conta xustificativa da Sociedade Deportiva Brión por importe de 4.900 €.

06.08.13.- Resolución inicio procedementos sancionadores de tráfico.

08.08.13.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: Proxecto de reparación da envolvente exterior da gardería municipal do Concello de Brión.

09.08.13.- Autorización para celebrar os días 15, 16, 17 e 18 de agosto de 2013 os festexos de Nosa Señora no lugar de Soigrex-a-Os Ánxeles.

09.08.13.- Aprobación da liquidación de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos e deportivos e ocio correspondente a inserción de publicidade na revista Altamira.

12.08.13.- Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o martes 13 de agosto de 2013.

12.08.13.- Modificación de cota da escola infantil municipal para o curso 2013-2014 a unha veciña.

12.08.13.- Aprobación expediente modificación crédito MC 22/2013.

14.08.13.- Contratación dos peóns integrantes do GES ata o 31 de decembro de 2015.

14.08.13.- Nomear ao funcionario José Antonio Bouzas Neo, como secretario accidental do Concello durante o prazo do 16 de agosto ao 6 de setembro.

14.08.13.- Nomear ao funcionario do Concello José Antonio Bouzas Neo, como interventor accidental do Concello do 16 ao 23 de agosto.

14.08.13.- Adquisición de munición tanto para dotación, como para prácticas de tiro durante este ano 2013.

14.08.13.- Liquidacións das taxas da XGL celebrada o 13 de agosto de 2013.

16.08.13.- Delegación do exercicio das funcións da Alcaldía no Tenente de Alcalde D. José Pedro Cambón Fernández, desde o día 19 ata o día 23 de agosto de 2013.

19.08.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 36,30 euros (Cableuropa).

20.08.13.- Traslado do expediente de baixa de oficio ao Consello de Empadramento para que emita informe sobre a procedencia da baixa no padrón de habitantes dos afectados.

20.08.13.- Autorización para celebrar os días 24 e 25 de agosto de 2013 os festexos do Santo Arandel, no lugar de Chave da Ponte.

22.08.13.- Autorización para celebrar o día 25 de agosto de 2013, os festexos na honra do Rosario, no lugar de Cornanda.

22.08.13.- Adherir ao Concello de Brión ao convenio de colaboración para a realización de programas de atención e protección da saúde.

23.08.13.- Autorización para celebrar os días 30 e 31 de agosto de 2013, os festexos na honra do San Ramón, no lugar do Tremo.

23.08.13.- Adxudicar á empresa Electricidad Cruceiro S.L., a execución do contrato de obras de: Mellora da eficiencia enerxética e iluminación pública polo prezo de 99.170,39 €, ivo incluído.

26.08.13.- Aprobación expediente modificación crédito MC 23/2013.

26.08.13.- Subsanación de deficiencias na solicitude de subvención para a promoción da igualdade.

27.08.13.- Aprobar o expediente de contratación e prego de condicións do servizo de “Escolas musicais 2013-2014”.

28.08.13.- Desistimento de solicitude para a construción dunha vivenda unifamiliar, por non ter cumprimentado satisfactoriamente o requirimento municipal de subsanación de deficiencias en prazo.

28.08.13.- Desistimento de solicitude para a construción de dúas vivendas unifamiliares, por non ter cumprimentado satisfactoriamente o requirimento municipal de subsanación de deficiencias en prazo.

28.08.13.- Desistimento de solicitude para recheo da parcela rústica, por non ter cumprimentado satisfactoriamente o requirimento municipal de subsanación de deficiencias en prazo.

28.08.13.- Desistimento de solicitude para acondicionar o interior da vivenda de Soigrex, por non ter cumprimentado satisfactoriamente o requirimento municipal de subsanación de deficiencias en prazo.

28.08.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.332,67 euros (General España).

29.08.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 41.453,24 euros (facturas varias).

29.08.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 16.820,08 euros (Gas Natural SUR).

29.08.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 145,20 euros (Centyc Europa).

30.08.13.- Convocatoria de Comisións Informativas e Pleno ordinario a celebrar o 4 de setembro.

O Pleno queda enterado.

### **3º) ESCRITO DE DIMISIÓN DO CONCELLEIRO DO PARTIDO POPULAR MUNICIPAL DE BRIÓN DON CARLOS TOMÉ FONDO.**

Procede o Sr. Alcalde a dar lectura íntegra do escrito de renuncia por parte do concelleiro D. Carlos Tomé Fondo.

Tamén procede á lectura dun escrito recibido por fax no que o mesmo concelleiro indica que non asistirá á Comisión de Servizos nin ao Pleno do día de hoxe.

O Sr. Alcalde agradécelle os servizos prestados a este Concello, aceptando a súa renuncia.

Intervén a concelleira do Partido Popular D<sup>a</sup>. María del Mar Cobas Cajuso, para dicir que aínda non teñen á persoa que o vai substituír, así como o portavoz do grupo que proceda. Tamén agradecen os servizos prestados ao longo dos anos en beneficio do Concello. Que se trata da finalización dunha etapa e o comezo doutra nova, na que a intención vai a ser unha labor política construtiva e coherente, tendo como obxectivos os intereses de Brión e dos seus veciños.

Despois destas intervencións dáse lectura da seguinte proposta de acordo:

Considerando que neste Concello tivo entrada en data 29 de agosto de 2013 ( RE nº 3258), escrito de don Carlos Tomé Fondo, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular de Brión e do que tomou posesión na sesión constitutiva de 11 de xuño de 2011.

Considerando que a renuncia ao cargo non se fará efectiva mentres non sexa sometida ao Pleno.

Considerando o disposto nos artigos 9.4 do Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e 182 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e téndose realizado a tramitación regulamentariamente establecida, proponse ao Pleno a adopción do seguinte, acordo:

**PRIMEIRO.** Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro e demais cargos e atribucións relacionadas co mesmo de don Carlos Tomé Fondo.

**SEGUNDO.** Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central para que remita as credenciais de don José Antonio Vidal González, que é o seguinte na lista dos que concorreron ás últimas eleccións municipais, para que poida tomar posesión do seu cargo, de conformidade co previsto no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

Sometida a votación a proposta anteriormente transcrita é aprobada por unanimidade dos doce concelleiros asistentes.

#### **4º) CONTA XERAL 2012.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 30 de agosto de 2013, que transcrita di:

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento do Concello de 2012, e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 30 de xullo de 2013, sometida a exposición pública durante o prazo de quince días hábiles consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, mediante anuncio no BOP núm. 145, do 1 de agosto de 2013 e no taboleiro de edictos do Concello e non presentándose durante dito prazo e os oito días hábiles seguintes ningunha reclamación, reparo ou observación, segundo certificación de Secretaría que consta no expediente, proponse a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a conta xeral do orzamento do Concello de 2012.

2º) Consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, rendir a conta xeral para a fiscalización externa ao Consello de Contas de Galicia, ao abeiro do disposto na Resolución do Consello de Contas de Galicia do 11 de xullo de 2011, pola que se ordena a publicación do acordo do pleno da institución do 3 de maio de 2011, polo que se aproba a instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG do 18.07.2011), debendo remitirse a mesma por Intervención.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) , PP (3) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

#### **5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 3/2013.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 29 de agosto de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión de data 3 de setembro de 2013, que transcrita di:

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos pola presentación de facturas por importe de 5.106,63 euros, e que constan no departamento de Intervención ( xúntase a relación no anexo ), correspondentes a exercicios anteriores, e que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían polas seguintes causas:

1º. No caso de Construcciones Francisco Gómez e Cía, S.L. a factura presentada se corresponde coa certificación liquidación da obra de adecuación de servizos municipais afectados polas obras de modificación na AC-300.Ramal de acceso á autovía, obra realizada e facturada en 2012, esta preséntase no rexistro municipal en 2012, os incrementos de medición foron confirmados mediante a certificación de obra asinada polo director da obra.

2º. No caso de Maquinaria Casalonga S.L., a factura presentada se corresponde cunha prestación de servizos efectuada en 2012 ao departamento de parques e xardíns do Concello, pero non foron presentadas no rexistro no exercicio correspondente en que se realizou efectivamente a prestación do servizo, pero si foron presentadas con posterioridade. A factura foi conformada polo departamento municipal.

En vista do anterior esta Alcaldía tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no anexo xunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 28 de agosto de 2013, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o houberan sido naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da corporación, e que neste caso concreto é posible a súa realización.

A vista do mesmo, en aplicación do disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo 1º do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos, que establece que poden aplicarse aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do mencionado Real Decreto 500/1990, artigo que recolle a figura do recoñecemento extraxudicial de créditos, o que establece textualmente que “corresponde ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria”, esta Alcaldía no exercicio das facultades que me atribúe a lexislación vixente, previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar e dispoñer os gastos, e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores, e derivadas das facturas que se relacionan a continuación, por un importe total de CINCO MIL CENTO SEIS EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (5.106,63 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas.

<b>B15718489 MAQUINARIA CASALONGA,S.L.</b>				
<b>DATA</b>	<b>Nº DE FACTURA</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>APLICACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
13/11/2012	A 14.344	Reparación cortacésped e compra de nylon	171.213.00	184,44
<b>TOTAL</b>				<b>184,44</b>
<b>B 15009533 CONSTRUCCIONES FRANCISCO GOMEZ Y CIA,S.L.</b>				
<b>DATA</b>	<b>Nº DE FACTURA</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>APLICACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
13/01/2012	10.071	Certificación liquidación obra de adecuación de servizos municipais afectados polas obras de modificación na AC-300.Ramal de acceso á autovía.	463/609.00	4.922,19
<b>TOTAL</b>				<b>4.922,19</b>
<b>IMPORTE TOTAL RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 03/2013</b>				<b>5.106,63</b>

2º) Imputar a obriga de Maquinaria Casalonga S.L. con cargo ao crédito corrente da aplicación orzamentaria do orzamento vixente por importe de 184,44 euros.

3º) Imputar a obriga de Construcciones Francisco Gómez e Cía, S.L. con cargo á aplicación orzamentaria recollida especificamente no expediente de modificación de créditos MC 24/2013.

4º) A efectividade deste acordo quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do expediente de modificación de créditos citado que dará cobertura orzamentaria de xeito parcial ao presente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

## **6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 29 de agosto de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión de data 3 de setembro de 2013, que transcrita di:

Ante circunstancias sobrevidas á aprobación do orzamento e debido a necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, é necesario realizar axustes en varias partidas, dado que non existe no orzamento da corporación crédito ou este é insuficiente, tales como:

- Recoñecemento extraxudicial de créditos 03/2013:  
-Factura certificación liquidación obra de adecuación de servizos municipais afectados pola obras de modificación na AC-300.Ramal de acceso á autovía.
- Subministro enerxía eléctrica do alumado público.

Conforme ás disposicións vixentes, cando se deba realizar algún gasto para o que non exista crédito orzamentario ou este sexa insuficiente no orzamento vixente, a corporación poderá acordar un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito respectivamente. Tal modificación de créditos deberá atenderse indistintamente, co remanente líquido da Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente, procedente do sobranse da liquidación do exercicio anterior, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, ou ben anulando ou minorando o crédito necesario doutras partidas do orzamento, das dotacións que se estimen reducibles, sen perturbación do respectivo servizo. Tamén poderán financiarse con recursos procedentes de operacións de créditos nos casos previstos no art. 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Esta Alcaldía co debido asesoramento dos técnicos municipais, estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos, sendo os recursos que financiarán o citado expediente os procedentes da minoración do crédito necesario doutras partidas do orzamento que se estiman reducibles, e na súa virtude, previo estudo das necesidades, de carácter inaplazable, someto a consideración do Pleno do Concello a modificación que a continuación se especifica e a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 24/2013**, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, financiados con cargo a anulacións ou baixas doutras partidas, por importe de **28.000,00 euros**, de acordo co seguinte esquema:

### **1º CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.**

#### **A ) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS ( partidas non dotadas no orzamento )**

PROX.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN
2011006	453/609.00	Certificación (liquidación) Obra de modificación na AC-300.	4.922,19

**TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 4.922,19 €**

#### **B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITO ( partidas dotadas insuficientemente )**

PROX.	Aplicación orzamentaria	Consignación antes deste expediente( € )	Aumento que se propón ( € )	Total consignación resultante ( € )	Causas da súa necesidade
-------	-------------------------	--	-----------------------------	-------------------------------------	--------------------------

2013024	165/221.00	82.300,00	23.077,81	105.377,81	Facturación de xuño-decembro 2013
<b>TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO</b>			<b>23.077,81</b>		

## 2º FINANCIAMENTO:

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes:

- A ) Con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de **0 €**  
 B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no orzamento corrente **0 €**  
 C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial doutras partidas do estado de gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución por importe de **28.000,00 €**

Prox.	Aplicación orzamentaria	Consignación antes deste expediente (€)	Cantidade a anular ou minorar (€)	Consignación resultante (€)	Explicación da baixa na consignación
	342/47900	50.000,00	15.000,00	35.000,00	Segundo contrato só queda pendente de abonar á empresa concesionaria un último pago de 25.000
	230/221.00	10.000,00	2.000,00	8.000,00	Unha redución no gasto das dependencias municipais
	321/221.00	40.000,00	3.000,00	37.000,00	Unha redución no gasto das dependencias municipais
	920/22100	40.000,00	8.000,00	32.000,00	Unha redución no gasto das dependencias municipais
<b>TOTAL</b>			<b>28.000,00</b>		

- D) Recursos procedentes de operacións de crédito, **0 €**

2º) Expoñer o expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións. No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse dita modificación do orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate:

Pregunta o Sr. Pena Espiña cal é a razón no aumento na partida de subministro eléctrico.

Contesta o Sr. Alcalde que o importe da certificación de Construcciones Francisco Gómez y Cía S.L., ven como consecuencia do compromiso de urbanizar esa zona urbana, e unhas diferencias nas medicións finais. Con respecto ao alumado, é algo que ten estranados a todos, que xa se apagaron moitos alumados en moitos casos o 50 %, e noutros o 100 %, xunto con obras de aforro enerxético, e segue sen chegar o orzamentado para todo o exercicio. A suba da electricidade é espectacular e non se entende que siga a subir o importe, e incluso hai outra baixada importante debido a que Espina e Delfin S.L. se fixo cargo dos contadores dos saneamentos, que é outra baixa máis.

O Sr. Pena Espiña sinala que se debería profundizar máis no tema, dado que esta diferenza supón un 20 % máis no gasto, que a suba de impostos non xustifica semellante suba.

Sinala o Sr. Alcalde que a suba é moi importante, dado que non hai novos alumados non sendo o de Vilar; que se fixo unha obra de aforro enerxético en Bastavales, pero que non tes moita marxe de manobra, dado que se apagas unha luminaria terías que apagar todo o alumado.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

#### **7º) DACIÓN DE CONTA INFORME DE AVALIACIÓN DE ESTABILIDADE E DA REGRA DO GASTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE 2013.**

Dáse conta pola interventora do concello do informe de avaliación de estabilidade e da regra do gasto correspondente ao segundo trimestre de 2013, que hai que remitir ao ministerio; que hai que remitir un informe cada trimestre, e no caso do segundo trimestre informa que o Concello de Brión cumpre co principio de estabilidade orzamentaria así como coa regra do gasto.

O informe foi remitido de xeito telemático ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o pasado 28 de agosto de 2013.

O Pleno queda enterado.

#### **8º) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 16.07.2013 SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS DE AMES E LOUSAME.**

Dada conta da resolución da Alcaldía do 16 de xullo de 2013 cuxa ratificación foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión de data 3 de setembro de 2013, que transcrita di:

“” Por esta Alcaldía con data 12.04.2013, ditouse a seguinte resolución:

Vista a Resolución do 7 de marzo de 2013 do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para o ano 2013 de aforro e eficiencia enerxética para proxectos de renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes nos concellos de Galicia, no marco do convenio suscrito entre o IDEA e o Inega o día 3 de xullo de 2008 e con financiamento en parte procedente de fondos



comunitarios derivados do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013, (DOG. núm. 53 do 15/03/13).

Considerando que pode solicitarse unha subvención a través dunha agrupación de concellos e resultando conveniente formalizar a petición xunto cos Concellos de Ames e Lousame, ao abeiro das competencias desta Alcaldía en materia de solicitude de subvencións, resolvo:

1º) Aprobar o proxecto “RENOVACIÓN DE INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR 2013. AGRUPACIÓN DE CONCELLOS LOUSAME, AMES E BRIÓN”.

2º) Tramitar conxuntamente cos concellos de Ames e Lousame ante o Inega solicitude de axuda económica para o proxecto “RENOVACIÓN DE INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR 2013. AGRUPACIÓN DE CONCELLOS LOUSAME, AMES E BRIÓN”, por un importe total de 127.110,77€ (IVE incluído), coa seguinte desagregación e financiamento:

Concellos	Importe proxecto (IVE incluído)	Porcentaxe sobre total	Subvención Inega (85%)	Achega municipal (15%)
Lousame	43.718,24	34,39%	37.160,50	6.557,74
Ames	58.715,52	46,19%	49.908,19	8.807,33
Brión	24.677,01	19,41%	20.975,46	3.701,55
<b>TOTAL</b>	<b>127.110,77</b>		<b>108.044,15</b>	<b>19.066,62</b>

3º) Designar a Mª Teresa Villaverde Pais, con NIF 76517422X, en calidade de Alcaldesa do Concello de Lousame, como representante ou apoderada única da agrupación de concellos (Lousame, Ames e Brión) na solicitude de subvención ao Inega do citado proxecto, con poderes bastantes para cumprir coas obrigas propias dos beneficiarios dunha subvención.

4º) Declarar que o Concello de Brión comprométese a realizar o proxecto “RENOVACIÓN DE INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR 2013. AGRUPACIÓN DE CONCELLOS LOUSAME, AMES E BRIÓN” na parte correspondente a este concello, no caso de obter dita subvención.

5º) Que a realización do proxecto “RENOVACIÓN DE INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR 2013. AGRUPACIÓN DE CONCELLOS LOUSAME, AMES E BRIÓN”, a tenor do disposto na Lei 37/1992, de 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido; non está exento do pagamento do IVE e que o Concello non pode repercutir este imposto.

Resultando que con data 27 de xuño de 2013 asinouse por esta Alcaldía un convenio de colaboración cos Concellos de Ames e Lousame para a realización conxunta desta obra, sendo o custo da obra e o cadro de financiamento o establecido anteriormente, sen ningunha modificación, pero no que se establece que a xestión administrativa e o responsable da tramitación do expediente será o Concello de Brión, non o de Lousame.

Dada a urxencia coa que se ten que tramitar o expediente por mor do reducido dos prazos para a súa execución e xustificación, resolvo:

1º) Aprobar o convenio de colaboración obrante no expediente asinado con data 27 de xuño de 2013 polos Alcaldes de Ames, Lousame e Brión, polo que se encomenda a este Concello a xestión deste expediente.

2º) Desta resolución se dará conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que celebre para os efectos da súa ratificación.””

Debate: Non se produciu.

Unicamente aclara o Sr. Alcalde que no Concello de Brión comprende unha actuación en Sabaxáns.

Votación e resultado:

Sometida a votación a ratificación da resolución transcrita dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e Mixto (1) ( BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a ratificación da resolución da Alcaldía nos seus propios termos.

### **9º) FESTIVOS LOCAIS 2014.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 09.08.2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 03.09.2013, que transcrita di:

Visto o Decreto da Consellería de Traballo e Benestar 127/2013, do 1 de agosto, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2014 (DOG 151, do 08.08.2013), propoño a adopción do seguinte acordo:

1º) Propoñer como festivos locais deste Concello para 2014 as seguintes datas:

-. O xoves 29 de maio de 2014 ( festas da Ascensión ) e o martes 24 de xuño de 2014 (San Xoán).

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

### **10º) MOCIÓNS.**

Apróbase por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia da seguinte moción.

#### **1) PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE CONCELLEIRO SUBSTITUTO NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS DE SERVIZOS E ESPECIAL DE CONTAS.**

Dáse conta dunha proposta da Alcaldía de data 03.09.2013, que ten o seguinte contido:

Na sesión extraordinaria de 17 de xuño de 2011 o PSG-PSOE de Brión no apartado 4 destinado á aprobación da moción da Alcaldía sobre a creación e composición das Comisións Informativas permanentes, non indicou os correspondentes substitutos de cada un dos membros integrantes das Comisións Informativas de Servizos e de Contas.

O pasado día 3 de setembro de 2013, o portavoz PSG-PSOE presentou un escrito nomeando á concelleira D<sup>a</sup>. PATRICIA VAZQUEZ LAMAS como substituta ante a ausencia de calquera dos membros integrantes da Comisión Informativa de Contas e da Comisión Informativa de Servizos.

En cumprimento do disposto no artigo 125 c) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento, e réxime xurídico das entidades locais, e dado que a citada concelleira actuou nas Comisións informativas de Contas e de Servizos, ante a ausencia de D. José Luís Sampedro Bouzas, propónse a adopción do seguinte acordo:

1º.- Recoñecer como substituta de cada un dos membros integrantes das Comisións Informativas de Contas e de Servizos á concelleira D<sup>a</sup>. PATRICIA VAZQUEZ LAMAS para as sesións vindeiras que se celebren.

2º.- Ratificar a súa actuación como membro integrante das comisións celebradas o día 3 de setembro de 2013.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

#### **11º) ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e coarenta e un minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario accidental, dou fe.

O Alcalde.

O Secretario accidental.

Vº e Prace.

José Luis García García.

José Antonio Bouzas Neo.